

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 12.12.2018

Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 12 de decembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único: Preguntas orais

- 1.1 37876 (10/POC-005970)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa baixada en Galicia das pernoctacións en hoteis durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2018 con respecto ao ano 2017 e ás comunidades autónomas de Cantabria, Asturias e País Vasco, así como a baixada neses meses do número de viaxeiros, fronte ao aumento no conxunto de España, as súas previsións en materia de turismo para os vindeiros meses e as actuacións e campañas específicas que vai desenvolver para reverter esta situación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018
- 1.2 38761 (10/POC-006084)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar as consecuencias económicas que está a ter para os fogares galegos a falta de información para elixir o contrato e a tarifa de enerxía eléctrica máis axeitados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 1.3 38807 (10/POC-006092)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre o coñecemento polo Goberno galego das dificultades que están a atravesar determinados sectores industriais de Galicia, a existencia dalgunha avaliación ao respecto e a presentación pola Xunta de Galicia dalgunha proposta na Conferencia Sectorial de Industria convocada polo Goberno central, que conta cun fondo de 870 millóns de euros para a reindustrialización, así como os principais ámbitos de actuación propostos en termos de política territorial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018



- 1.4 38814 (10/POC-006094)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á demanda ao Goberno central da asunción das contías precisas para o cumprimento das sentenzas xudiciais relativas aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica de 2013, o estado dos recursos legais presentados pola Xunta de Galicia e da negociación política co Goberno central ao respecto, así como as actuacións que vai levar a cabo diante da vulneración das competencias galegas en materia de tributación e as súas intencións en relación coa modificación da súa política fiscal no que atinxe á produción de enerxía
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 1.5 39810 (10/POC-006215)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis
Sobre as medidas que vai levar a cabo a Axencia Galega de Industrias Forestais para paliar o déficit de formación dos profesionais do sector forestal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 383, do 14.11.2018
- 1.6 40762 (10/POC-006364)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o coñecemento e a valoración do Goberno galego en relación coa situación da empresa Isowat, situada no polígono da Grela, na Coruña, as actuacións levadas a cabo ou previstas para o mantemento da súa actividade e dos seus postos de traballo, así como a avaliación que fai da situación do sector industrial na cidade e na comarca da Coruña, e as actuacións desenvolvidas para o seu fortalecemento
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 391, do 29.11.2018
- 1.7 40782 (10/POC-006370)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para corrixir os datos da sinistralidade no sector industrial de Galicia, as súas previsións referidas ao desenvolvemento de normativas concretas e actualizadas que posibiliten unhas inspeccións e controis de seguridade efectivos e as razóns da demora na creación do Consello Interdepartamental de Seguridade previsto no Decreto 1/2015, do 12 de febreiro, así como a súa opinión



respecto dos criterios seguidos para a certificación polas compañías de control de seguridade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 391, do 29.11.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 03/12/2018 14:11:03



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 03/12/2018 14:25:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 03/12/2018 16:30:00
Nº Rexistro: 12562
Data envío: 03/12/2018 14:25:22.547

CSV: REXISTRO-kzMrnDMLz-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 12.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 12.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 37876(10/POC-005970)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa baixada en Galicia das pernoctacións en hoteis durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2018 con respecto ao ano 2017 e ás comunidades autónomas de Cantabria, Asturias e País Vasco, así como a baixada neses meses do número de viaxeiros, fronte ao aumento no conxunto de España, as súas previsións en materia de turismo para os vindeiros meses e as actuacións e campañas específicas que vai desenvolver para reverter esta situación

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Os hoteis galegos perderon viaxeiros en xullo e agosto, acollendo a case 1.558.000 viaxeiros que son case 203.000 menos que o verán pasado o que supón un descenso de viaxeiros dun 11,5 % con respecto aos meses de xuño, xullo e agosto do ano pasado. Esta situación converte Galicia na autonomía onde os hoteis perden máis hospedes do Estado.

En Galicia, rexistráronse menos viaxeiros, e polo tanto, menos pernoitas. Un descenso de un 8 %: 307.876 noites menos, rebaixando a cifra final a 3,4 millóns entre xuño, xullo e agosto.

Ben é certo que, este descenso de pernoitas foi compensado co aumento da estancia media nos hoteis, pasando en agosto de 2,27 días a 2,36 días. Sendo os hoteis das Rías Baixas os que rexistran un mellor dato: 2,90 días.

En canto ao número de viaxeiros por zonas, os hoteis das Rías Baixas rexistraron en xullo e agosto 445.728 viaxeiros, a segunda praza é para as Rías Altas, con 179.165 viaxeiros. A Costa da Morte contabilizou 48.782 turistas e a Mariña lucense 46.231. Santiago de Compostela, como punto turístico, atraeu a 101.798 turistas que pasaron a noite en hoteis, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística.

Comparando o turismo en Galicia con outras comunidades autónomas cunha oferta similar como son, as que forman parte da coñecida como España verde (Asturias, Cantabria, País Vasco e Galicia), vemos que, o pasado mes, segundo os datos difundidos polo INE, a autonomía galega registrou a ocupación máis baixa no referido ás prazas hoteleiras: un 64,9 % das prazas, fronte ao 80 % de Cantabria, o 79 % do País Vasco e o 74,5 % de Asturias.



Ademais, se comparamos os datos co resto de España, Galicia tampouco sae ben parada xa que, mentres en España subiu o número total de viaxeiros nos meses do verán, en Galicia pasou o contrario. Atopámonos ante un descenso dun 11,5 % en Galicia en comparación co ano pasado.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos resultados das pernoitas durante os meses de xuño, xullo e agosto no ano 2018?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre que Galicia rexistrase unha ocupación máis baixa que Cantabria, Asturias e o País Vasco?

3ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia con respecto ao descenso en número de viaxeiros cando no conxunto de España aumentou nos meses do verán?

4ª) Que cabe esperar para os próximos meses en relación co turismo en Galicia?

5ª) Que cree a Xunta de Galicia que pasou para que houboese tal descenso de turismo en Galicia?

6ª) Que autocrítica fai a Xunta de Galicia en relación a esta última campaña turística do verán?

7ª) Que actuacións e campañas específicas vai desenvolver a Xunta de Galicia no que queda de ano para tratar de revertir dita situación?

8ª) Considera a Xunta de Galicia que houbo unha suficiente diversificación e distribución do turismo por todo o territorio de Galicia durante os meses do verán?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 10:44
Nº Rexistro: 37876
Data envío: 02/10/2018 10:44:32.693

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 02/10/2018 10:41:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/10/2018 10:42:02

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 12.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 38761(10/POC-006084)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar as consecuencias económicas que está a ter para os fogares galegos a falta de información para elixir o contrato e a tarifa de enerxía eléctrica máis axeitados

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para o súa resposta oral na Comisión 6.^a, relativa a información aos consumidores sobre tarifas eléctricas.

A ausencia de información das e dos consumidores galegos de electricidade é unha realidade evidente, aínda que o Goberno galego segue a negala, rexeitando todas as iniciativas deste grupo para desenvolver campañas e iniciativas para darlle solución.

Ante a inacción do Goberno da Xunta, En Marea puxo en marcha unha campaña informativa por todo o País. Despois de moitas reunións que están a ter unha grande receptividade e interese pola cidadanía, evidéncianse estas situacións:

- O 80% das persoas que acoden as charlas informativas descoñecen que contrato e tarifa teñen nos seus fogares.
- O 90% descoñecen se están abonados ao mercado regulado ou ao mercado libre.
- O 80% descoñecen as vantaxes de ter contratada a tarifa de discriminación horaria.
- Case o 100% das persoas descoñecen se a potencia contratada é a adecuada para o seu fogar, aceptando a que a compañía comercializadora lles propoñe.



Aínda que as medidas máis importantes para baixar o recibo da luz van moito mais alá de ter a potencia e a tarifa adecuada, e En Marea xa vén de plantexar moitas actuacións nese senso, facelo pode supoñer aforros importantes ao ano para case todos os consumidores.

A negativa do Goberno a desenvolver activas campañas e puntos de información para solucionar esta carencia de información supón un coste engadido para as familias de decenas de millóns de euros ao ano, como explicaremos mais adiante, e supón un traslado desas rendas dos petos dos consumidores cara aos beneficios ilexítimos das eléctricas. Todo elo co beneplácito do Goberno da Xunta.

Tendo en conta que en Galicia hai aproximadamente 1,8 millóns de abonados domésticos á electricidade, os extracustes, por non ter o contrato e a tarifa adecuados, poden estimarse nestes montantes económicos:

- Da información obtida nas reunións desenvoltas por todo o País, indúcese que entre un 30% e un 40% dos fogares teñen contratada unha potencia superior a que precisan. Tendo en conta que a baixada dun nivel de potencia supón un aforro anual de 52 €, estaríamos a falar dun extracoste para os fogares de entre 28 e 37 M€.
- Aproximadamente un 40% dos abonados están no mercado libre, a inmensa maioría deles sen sabelo dadas as enganosas campañas das eléctricas e as fraudulentas denominacións das compañías do mercado libre. Mais do 90% destes fogares saen prexudicados por estar neste mercado libre, nun porcentaxe de incremento do recibo total que estimamos do 9% como mínimo. Isto implica un extracoste en cada familia media duns 75 € ao ano. En total un importe anual en toda Galicia de 50 M€.
- Só un 6% dos fogares teñen contratada a tarifa de discriminación horaria. Os nosos estudos de consumo e hábitos no fogar demostran que a inmensa



maioría, mais de 80%, aforrarían entre un 10% e un 30% na parte correspondente ao consumo de enerxía no recibo. O 20% restante terían un impacto nulo, e dicir, contratando a tarifa de discriminación horaria, 2.0 DHA, como moito pagarían o mesmo, podendo con pequenas accións pasar tamén a aforrar algo. Isto implica un aforro medio aproximado por fogar de entre 30 e 88 euros ao ano. En total non tomar estas medidas supoñe para todos os fogares de Galicia un impacto anual de entre 47 e 126 M€.

Resumindo, a falta de información sobre os contratos e as tarifas domésticas de electricidade máis adecuadas teñen un custo para todos os fogares galegos de entre 125 e 213 M€ ao ano. Cartos arrebatados ilexítimamente dos petos das cidadás e cidadáns que acaban en beneficios das eléctricas. Todo elo coa complicidade do Goberno da Xunta de Galicia que non fai nada para que esteamos informados.

Ante esta situación, En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que os consumidores teñen información axeitada para elixir o mellor contrato e tarifa de enerxía eléctrica?
- 2.- Pensa a Xunta de Galicia desenvolver, a través do Instituto Galego de Consumo, accións para conseguir que a cidadanía teña toda a información necesaria para conseguir baixar os seus recibos?
- 3.- Pensa a Xunta de Galicia desenvolver iniciativas legais no eido do consumo para obrigar ás comercializadoras de electricidade a informar aos seus abonados se están no mercado libre ou regulado, as consecuencias que elo implica como non poder solicitar o Bono Social; a informar do recibo que pagarían de estaren



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2018 17:48
Nº Rexistro: 38761
Data envío: 15/10/2018 17:48:51.239



na discriminación horaria e informar da potencia máxima consumida por períodos de tempo?

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 15/10/2018 17:48:00

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 12.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 38807(10/POC-006092)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das dificultades que están a atravesar determinados sectores industriais de Galicia, a existencia dalgunha avaliación ao respecto e a presentación pola Xunta de Galicia dalgunha proposta na Conferencia Sectorial de Industria convocada polo Goberno central, que conta cun fondo de 870 millóns de euros para a reindustrialización, así como os principais ámbitos de actuación propostos en termos de política territorial

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Recentemente o Ministerio de Industria ten anunciado nunha reunión da Conferencia Sectorial de Industria que as comunidades autónomas decidirán sobre o reparto de 870 millóns de euros para reindustrialización e abrirán un grupo de traballo que debaterá as prioridades de cada unha delas.

Trátase dunha partida orzamentaria para a reindustrialización e o fortalecemento da competitividade industrial que foi desbloqueada polo novo Goberno de España en só tres meses. Ademais as priorizacións serán decididas contando coa opinión dos gobernos autonómicos de forma inédita, xa que ata o de agora era o ministerio que ditaba os usos.

Os socialistas vimos demandando do goberno galego, que leva 9 anos no poder, un plan industrial definido, mais alá de plans estratéxicos xerais que van moito mais alá da industria. Parecíanos necesario no momento da crise, para tentar minimizar os seus efectos no tecido produtivo, pero non puido ser. Consideramos agora que as perspectivas de ralentización do crecemento que tódolos organismos internacionais están anunciando, faise mais necesario que nunca un apoio específico as empresas para levar a cabo a súa reestruturación e relanzamento.

O goberno galego está na obriga de aproveitar e optimizar tódolos fondos procedestes do goberno de España e da Unión Europea para reforzar a nosa posición produtiva no ámbito industrial, tendo en conta ademais que segundo a EPA entre o segundo trimestre de 2017 e o segundo trimestre de 2018, perdemos ocupación no sector. Os cerca de 900 millóns de euros anunciados pola Ministra de Industria, significarían preto de 50 millóns de euros para Galicia.



Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia das dificultades que atravesan determinados sectores industriais da comunidade autónoma?
2. Existe algunha avaliación destes riscos sectoriais no tecido industrial?
3. Presentou a Xunta de Galicia algunha proposta na Conferencia Sectorial de Industria convocada polo goberno de España e que conta cun fondo de 870 millóns de euros para reindustrialización?
4. Se non o fixo, ten pensado a Xunta presentar algunha proposta?
5. En que termos?
6. Se xa o fixo, cales serán os principais ámbitos de actuación que propondrá Galicia en termos de política industrial?

Pazo do Parlamento, 11 de outubro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/10/2018 11:19:42

Jóse Manuel Pérez Seco na data 16/10/2018 11:19:50

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 12.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 38814(10/POC-006094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á demanda ao Goberno central da asunción das contías precisas para o cumprimento das sentenzas xudiciais relativas aos suplementos territoriais en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica de 2013, o estado dos recursos legais presentados pola Xunta de Galicia e da negociación política co Goberno central ao respecto, así como as actuacións que vai levar a cabo diante da vulneración das competencias galegas en materia de tributación e as súas intencións en relación coa modificación da súa política fiscal no que atinxe á produción de enerxía

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38814
Data envío: 16/10/2018 12:12:29.535

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Grazas ás políticas enerxéticas do PP na Xunta e no Estado as galegas e galegos imos pagar unha tarifa eléctrica galega “do revés”. No lugar de vérmonos beneficiadas e beneficiados por producir, imos pagar a factura máis alta do Estado por causa da aplicación das sentenzas en relación aos suplementos territoriais de 2013.

O Goberno español publicou no verán de 2013 o borrador da Orde na que recolle os suplementos territoriais en relación ás peaxes de acceso á enerxía eléctrica e que suporán o pago por parte das persoas consumidoras dos impostos específicos que paguen as empresas eléctricas pola súa produción. De acordo coa memoria económica que acompaña a proposta de Orde publicada polo Goberno español, Galiza sería quen teña que soportar un maior prezo como resultado da imposición deses suplementos. Así as cousas, a contía variará en función do consumo e a potencia contratada.

Nestes meses, non houbo novidades canto aos recursos legais impulsados pola Xunta de Galiza no momento en que se asina a iniciativa. Tamén, desde ese momento volveu haber pronunciamentos do Parlamento galego.

Esta situación é un atentado ao autogoberno galego e unha nova estafa ás galegas e galegos e o reflexo da inacción do Goberno de Feijóo que rexeitou en



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38814
Data envío: 16/10/2018 12:12:29.535

numerosas ocasións as propostas do BNG para recorrer tanto a modificación da normativa eléctrica que converteu en obrigatorio a inclusión nas peaxes eléctricas dos suplementos territoriais aprobada a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, como as Ordes ditadas en aplicación destas.

As medidas do Goberno galego chegaron tarde e teñen sido insuficientes, ademais de non ter emprendido negociación política algunha neste tempo. Así mesmo, o goberno de Pedro Sánchez non amosou ningunha vontade para que as comunidades produtoras non nos vexamos prexudicadas.

Por riba, coñecemos un novo auto do Supremo con data 26/09/2018 que recolle “Fijar el próximo día 30 de noviembre como fecha última para la ejecución solicitada”

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Vai demandar o Goberno galego do central que asuma as contías precisas para dar cumprimento ás sentenzas referentes aos suplementos territoriais de 2013?

-Cal é o estado dos recursos legais do Goberno galego a este respecto?

-E da negociación política co Estado? Cal está a ser a formulación? Cales as peticións?

-Que vai facer o Goberno galego diante da vulneración contra as competencias galegas en materia de tributación?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38814
Data envío: 16/10/2018 12:12:29.535

-Considera o Goberno galego que esta medida discrimina negativamente ás Comunidades produtoras como Galiza que soportan as instalacións de xeración?

-Vai modificar a Xunta de Galiza a súa política fiscal en relación á produción de enerxía?

-Segue a soste o Goberno galego que no Estado haxa unha tarifa única? Como explica entón o sobrecusto aos galegos e galegas?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/10/2018 12:10:44

María Montserrat Prado Cores na data 16/10/2018 12:10:49



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2018 12:12
Nº Rexistro: 38814
Data envío: 16/10/2018 12:12:29.535

Ana Pontón Mondelo na data 16/10/2018 12:10:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/10/2018 12:10:52

Olalla Rodil Fernández na data 16/10/2018 12:10:54

Xosé Luis Bará Torres na data 16/10/2018 12:10:55

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 12.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 39810(10/POC-006215)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre as medidas que vai levar a cabo a Axencia Galega de Industrias Forestais para paliar o déficit de formación dos profesionais do sector forestal

Publicación da iniciativa, 383, 14.11.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39810
Data envío: 07/11/2018 14:38:04.013

A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Axencia Galega de Industrias Forestais nace cunha clara vocación de dar resposta aos novos retos e tendencias que se establecen na Estratexia Forestal Europea.

Unha visión máis integral, cooperativa e transversal impregna unha liña de actividade como é a do sector forestal, na procura de recoñecer a multifuncionalidade dos bosques e actuar en consecuencia.

Esa multifuncionalidade pode agruparse en tres eidos prioritarios: o medioambiental, o económico e o social. Sendo certo que cada eido ten as súas especificidades non é menos certo que hai unha retroalimentación e relacións entre eles, que é o que debemos tratar de potenciar e estimular para poder acadar maiores vantaxes tanto socioeconómicas como medioambientais.

Entre os aspectos comúns aos tres eidos está a formación. Resulta curioso que un sector que sitúa a Galicia como líder nacional e novena potencia forestal europea, cunha facturación de preto dos 2.000 millóns de euros o que supón unha participación do 3,5 % do PIB galego, sega a ser un sector de corte tradicional.

Esta caracterización maniféstase tanto na escasa implantación de novas tecnoloxías como a baixa cualificación dos recursos humanos que traballan no sector.

Sen dúbida, a cualificación dos profesionais é unha eiva importante, que existe en toda a cadea de valor do sector, polo que as empresas non contan co capital humano necesario para poder competir en mellores condicións.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos en setembro de 2016, conscientes desta situación, o noso partido facía a seguinte afirmación: “É fundamental consolidar un sistema de formación agroforestal que asegure as canles necesarias para unha formación continua e a adquisición de competencias profesionais”. Pensamos que a Axencia Galega de Industrias Forestais pode ser un elemento fundamental para dar cumprimento a ese compromiso.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 39810
Data envío: 07/11/2018 14:38:04.013

Polo exposto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas pensa levar a cabo a Axencia Galega de Industrias Forestais para paliar o déficit de formación dos profesionais do sector forestal?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 07/11/2018 14:34:57

Moisés Blanco Paradelo na data 07/11/2018 14:35:05

Moisés Rodríguez Pérez na data 07/11/2018 14:35:13

Marta Novoa Iglesias na data 07/11/2018 14:35:20

Cristina Isabel Romero Fernández na data 07/11/2018 14:35:27

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/11/2018 14:35:34

Sandra Vázquez Domínguez na data 07/11/2018 14:35:42

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 12.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 40762(10/POC-006364)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o coñecemento e a valoración do Goberno galego en relación coa situación da empresa Isowat, situada no polígono da Grela, na Coruña, as actuacións levadas a cabo ou previstas para o mantemento da súa actividade e dos seus postos de traballo, así como a avaliación que fai da situación do sector industrial na cidade e na comarca da Coruña, e as actuacións desenvolvidas para o seu fortalecemento

Publicación da iniciativa, 391, 29.11.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 17:22
Nº Rexistro: 40762
Data envío: 22/11/2018 17:22:17.792

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á situación da planta de Isowat na Coruña e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

O futuro industrial na cidade da Coruña e a súa comarca atópase nunha situación crítica e cómpre que desde as Administracións públicas, nomeadamente desde a Xunta de Galiza, se impulse unha estratexia de defensa conxunta e de intervención política para reconducir a situación e promover o mantemento dos postos de traballo e da estrutura produtiva.

Na actualidade alén dos máis de 400 empregos en xogo na planta de Alcoa, hai 85 traballadores e traballadoras que dependen da continuidade da factoría Isowat. Cómpre recordar que a antiga Isolux Galicia, hoxe Isowat, situada no Polígono da Grela desde 1963, é unha planta altamente rendíbel, que recibiu diñeiro público en axudas, con carga de traballo para os vindeiros anos, pioneira tanto pola formación e experiencia do seu cadro de persoal como pola súas patentes grazas ás cales os seus produtos son solicitados internacionalmente. Malia isto, a empresa atópase neste momento en concurso de acredores. As razóns últimas residen en que o que se produciu desde que a actual propietaria adquirise Isolux Galicia foi un saqueo sistemático, tal e como sinala o informe concursal.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 17:22
Nº Rexistro: 40762

Data envío: 22/11/2018 17:22:17.792

A cidade, a comarca e o país precisan dun sector industrial forte. Neste sentido, os datos actuais ofrecidos polo Clube Financeiro no seu “Informe de conxuntura económica” son concluíntes a respecto da necesidade de "aumentar o peso da actividade industrial" e "diversificar máis aló do téxtil" na comarca, xa que esta actividade cae ao 9,5%. É preciso un impulso á economía industrial escasa no conxunto de Galiza onde só o 6% das empresas se dedican á transformación de materias primas e o seu peso é do 19% no valor engadido bruto. É preciso poñer o foco en áreas produtivas con forte compoñente de innovación que sirvan ademais para crear unha saída laboral de calidade ao capital humano de cualificado que xera o sistema educativo galego. Dentro do país, a situación da provincia coruñesa é a máis polarizada e, dentro dela, a preponderancia dos servizos é aínda máis clara a nivel comarcal. Na Coruña o 83,1% da economía é de servizos (centrada no comercio, o transporte e a hostalaría) e, polo tanto, as cifras de actividade industrial son máis escasas cun peso tan só dun 9,5%. Unha tendencia que encaixa no proceso de terciarización que está a vivir a economía galega.

Diante desta situación, é necesario evitar a desertización industrial do noso país, xa que é insostíbel unha economía exclusivamente de servizos; detrás ten que haber necesariamente un sector industrial que aposte polo valor engadido e por crear empregos de calidade.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para favorecer o mantemento da actividade e postos de traballo da empresa Isowat da Coruña?

-Coñece o goberno galego a situación da empresa Isowat? Como a valora?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 17:22
Nº Rexistro: 40762
Data envío: 22/11/2018 17:22:17.792

-Cal é a valoración do goberno galego a respecto do recurso ao IGAPE? Ten posto a disposición, no último ano, os servizos do IGAPE? Con que resultado?

-Ten coñecemento o goberno galego de que esta empresa opera nun sector chave para que determinadas especializacións produtivas de Galiza teñan un retorno para o país?

-Como avalía o goberno galego a situación do sector industrial na cidade e na comarca da Coruña? Que actuacións ten levado a cabo para favorecer o seu fortalecemento? Con que resultados?

-Considera a Xunta de Galiza positiva a terciarización da economía da Coruña e a súa contorna? E do país?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 17:22
Nº Rexistro: 40762

Data envío: 22/11/2018 17:22:17.792

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2018 17:19:31

María Montserrat Prado Cores na data 22/11/2018 17:19:37

Ana Pontón Mondelo na data 22/11/2018 17:19:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/11/2018 17:19:40

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2018 17:19:42

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2018 17:19:43

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 12.12.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 40782(10/POC-006370)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para corrixir os datos da sinistralidade no sector industrial de Galicia, as súas previsións referidas ao desenvolvemento de normativas concretas e actualizadas que posibiliten unhas inspeccións e controis de seguridade efectivos e as razóns da demora na creación do Consello Interdepartamental de Seguridade previsto no Decreto 1/2015, do 12 de febreiro, así como a súa opinión respecto dos criterios seguidos para a certificación polas compañías de control de seguridade

Publicación da iniciativa, 391, 29.11.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o sua resposta oral na Comisión 6.^a, **relativa a situación da seguridade industrial en Galicia**

Galicia é historicamente unha das autonomías con máis sinistralidade, en concreto no ano 2017 a cuarta comunidade con maior sinistralidade, sufrindo 40 mortos en xornada laboral en 2017.

A situación é "moi grave" e atribuímos esta preocupante "evolución negativa" a "mala xestión da prevención" e a "precariedade" no emprego.

No ano 2017, os accidentes con baixa laboral aumentaron nun 9,18% con respecto ao ano anterior. Ao largo do ano producíronse en Galicia 30.328 accidentes de traballo con baixa.

Os accidentes de traballo con baixa "aumentaron moito mais que a ocupación e a creación de emprego", xa que en 2017 producíronse, como xa dixemos, un 9,1% mais de accidentes que en 2016 --2.534 mais--, mentres a poboación ocupada (segundo os datos da enquisa de poboación activa) só incrementouse nun 1,2%.

Como dicíamos unha das causas deste preocupante incremento esta na galopante precariedade do emprego:

- O 91 % dos contratos rexistrados son temporais e, deles, o 31 % ten unha duración inferior á semana. Quen pode coñecer as medidas de seguridade se só



está no posto de traballo unha semana? Como se pode formar en seguridade a unha persoa nestas condicións?

- Os accidentes laborais sitúanse no 2,4% entre as persoas asalariadas con contrato indefinido e no 4,5% entre as asalariadas cun contrato temporal.

Imos analizar agora a situación da prevención e da seguridade industrial.

Toda a normativa de seguridade industrial provén da Lei de seguridade do 1995, desenvólta nun Decreto do 1997.

As Competencias Autonómicas desenvóléronse na Lei 9/2004 da Xunta. Posteriormente fixéronse ordes con desenvolvemento regulamentario pero na realidade non foron concretadas na maioría dos casos ca elaboración de normativas concretas aplicables as situacións reais de control de riscos, polo que a súa aplicación é moi pouco efectiva.

Segundo as nosas informacións, a xestión e control da prevención de riscos e súa aplicación na seguridade industrial non se fai de maneira coordinada, o que nos parece un erro moi grave. Non hai transferencia de información nin coordinación de actuacións.

Non hai rexistros actualizados de instalacións potencialmente perigosas.

Segundo as informacións que recibimos, a situación da inspección en seguridade, dependente da Consellería de Industria, e de inoperancia absoluta.

Por exemplo as 59 grandes empresas de alto risco industrial, teñen que ter un informe anual. As nosas informacións din que non se fan en moitos casos.



Non se creou o Consello Interdepartamental de seguridade que se recolle no Decreto 1/2015 de 12 de febreiro de política industrial.

Se relaxaron os criterios para certificar as compañías de control de seguridade. O Censo de empresas de control de seguridade é incompleto e moi pouco exixente. Empregos, tipo de profesionais, etc. En todo caso estímase que haberá uns 100 inspectores entre tódalas empresas certificadas, sen unha garantía real da cualificación profesional de ditos inspectores.

Sería necesaria unha avaliación da calidade dos constróis para evitar o intrusismo. Por exemplo hai empresas de control que fan 2.000 inspeccións de ascensores con dous postos de traballo.

As certificacións negativas non se tramitan. Existen moitas instalacións que deberían estar precintadas e seguen en funcionamento sen control.

O descontrol é absoluto na metroloxía o que fai que a seguridade preventiva esté ao albur do aspecto das instalacións. Non hai practicamente inspeccións destes equipos, nin instalacións certificadas.

Non hai estatísticas de accidentes provocados por fallos de equipos industriais. Nin análises das causas: Se di simplemente que houbo "Un incendio por cortocircuito". Non se analiza por que sucedeu o cortocircuito.

Os plans de inspección das empresas non teñen implicación nin control da administración nin intencións de sacar consecuencias dos resultados.



Por exemplo Fandicosta tiña unha inspección desfavorable. Seguiu funcionando e ardeu aos 7 meses.

Os orzamentos da Xunta de Galicia para seguridade industrial son totalmente anecdóticos.

Por último unha reflexión que a Xunta de Galicia debería trasladar as empresas de maneira proactiva: “Unha boa inspección de seguridade beneficia moito a competitividade das empresas”.

Ante a falta de información suficiente sobre todos os asuntos mencionados na exposición de motivos, **En Marea presenta as seguintes Preguntas ao Goberno para a súa resposta en Comisión:**

- 1.- Que accións está a desenvolver a Xunta de Galicia para corrixir os preocupantes datos de accidentes na industria que nos levan a ser unha das Comunidades con maior sinistralidade?
- 2.- Ten a Xunta de Galicia previsto desenvolver normativas concretas e actualizadas a realidade da industria dos nosos días que posibiliten unhas inspeccións e controis de seguridade verdadeiramente efectivos?
- 3.- Ten actualizado a Xunta de Galicia o rexistro de instalacións potencialmente perigosas?
- 4.- Cantos funcionarios da Consellería de Industria están directamente implicados nas tarefas de inspección de seguridade?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 18:29
Nº Rexistro: 40782
Data envío: 22/11/2018 18:29:35.896



- 5.- Ten información a Consellería de Industria se as 59 grandes empresas de alto risco industrial, presentan os seus informe anuais?
- 6.- Por que non se creou o Consello Interdepartamental de seguridade que se recolle no Decreto 1/2015 de 12 de febreiro de política industrial?
- 7.- Considera a Xunta de Galicia que os criterios para certificar as compañías de control de seguridade son os adecuados?
- 8.- Tramítanse todas as certificacións negativas. Que consecuencias administrativas implican?
- 9.- Certifícanse e se fan inspeccións por parte da administración responsable das instalacións de metroloxía e control de seguridade das instalacións industriais?
- 10.- Realiza e publica a Xunta de Galicia estatísticas de accidentes provocados por fallos de equipos industriais?. Analízanse as súas causas?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do GP de En Marea

Asinado dixitalmente por:



Francisco Casal Vidal na data 22/11/2018 18:28:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2018 18:29
Nº Rexistro: 40782
Data envío: 22/11/2018 18:29:35.896